

Creación

Lírica

María DO CEBREIRO

Poema do corpo

A linguaxe da que dispoñemos para falar do noso corpo
ten torsións – cousas que se retorcen –
e certa maxia. Síntoa bailar dentro da carne, e canda os nervios
faime esquecer por un instante a cativeza
deste tempo. Atopámoslle un límite
á nosa resistencia, pero a verdade
é que a nosa resistencia non é escasa.
Lemos cousas fermosas
noutra lingua: “Nómadas de nuevo,
nuestro desierto es infinito. / La República
volverá”. Falamos dos nervios no estómago
como se fosen dissociables da lectura
e do pensamento e non o son.
Falamos da ardente sensación de conservar
a vida – unha frecha sen arco, unha sede, un impulso.
Será ese o noso único tesouro?

Poema da noite

El pronunciou a frase “outra galaxia” e foi
como se todo o que levase escrito
ao longo destes anos estoupase.
Non vimos diante nosa ningún burato negro.
O que vimos de súpeto chamábase explosión.
O lume pertence agora á noite,
igual que a nosa vida
pertence sobre todo ao noso medo.
Deixará o vento de chamar cada día á nosa porta?